

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, DUN PEÓN A XORNADA COMPLETA, PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES DO CONCELLO DE SOBRADO (APROL RURAL), NOMEAMENTO DE TRIBUNAL, DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

EXPEDIENTE ORIXE: 2020/E001/000001.

EXPEDIENTE DECRETO: 2020/G003/000213.

O 11/06/2020 a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, dita resolución pola que se autoriza a contratación, por un período de 9 meses, dun peón, para a realización do servizo denominado Servizo de limpeza de montes do Concello de Sobrado, e ten entrada no rexistro do Concello de Sobrado o 12/06/2020.

O 15/06/2020, o Concello de Sobrado fixo unha solicitude de prórroga para ampliación do prazo de inicio de dito servizo, e o 16/06/2020 a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, resolve ampliar dito prazo de inicio deste servizo ata o 06/07/2020.

Mediante Decreto de Alcaldía Nº 183/2020, do 18/06/2020, aprobouse a convocatoria e bases do concurso-oposición para a contratación dun peón a xornada completa, para a realización do Servizo de Limpeza de Montes do Concello de Sobrado para o ano 2020 (Aprol Rural).

Tras a publicación do oportuno anuncio e a presentación no SPE de Melide da pertinente oferta de emprego, e unha vez transcurrido o prazo de presentación de instancias, a base terceira establece que a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e que terá carácter definitivo no caso de non ter defectos que emendar.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no art. 215 a 217 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei de facendas locais, e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos do proceso selectivo:

Admitidos/as:

APELIDOS E NOME	NIF	CELGA
AMIL GÓMEZ, DIEGO	***0734**	NON
DAS NEVES PIRES, HELIODORA DE JESÚS	***4114**	NON
LODEIRO QUIROGA, NEREA	***1159**	NON
MOURIÑO MÉNDEZ , MANUEL	***8709**	NON
PÉREZ BUJÁN, MARÍA LUISA	***1142**	NON
RÚA FERNÁNDEZ, LUCÍA	***0410**	NON
TOJO GARCÍA, JONATAN	***3436**	SI
VÁZQUEZ LÓPEZ, JOSÉ MANUEL	***8148**	NON

Excluídos: Ningún/ha.

SEGUNDO.- Designar aos membros do Tribunal Cualificador que serán os seguintes:

Presidente: D. Jesús Ramón Varela García (Empregado público do Concello de Sobrado).

Suplente: D. Luís García Vázquez (Empregado público do Concello de Curtis).

1º Vogal: Dª. Ana María Vallo Camba (Empregada pública do Concello de Boimorto).

Suplente: D. Luís González Guerra (Empregado público do Concello de Boimorto).

2º Vogal: Dª. Marta Mª Roca Souto (Empregada pública do Concello de Curtis).

Suplente: D. Jesús Sánchez García (Empregada público do Concello de Curtis).

3º Vogal: Dª. Guadalupe Vázquez Ascariz (Empregada pública do Concello de Toques).

Suplente: Dª. Mónica Seijas Rei (Empregada pública do Concello de Toques).

Secretaria: D^a. María Ermitas Sánchez González (Empregada pública do Concello de Sobrado).

Suplente: D^a. Alejandra D. Fandiño Sánchez (Empregada pública do Concello de Sobrado).

TERCEIRO.- Convocar aos membros do Tribunal Cualificador para a súa constitución, o **día 30 de Xuño de 2020, ás 09:30 horas**, nas oficinas municipais do Concello de Sobrado, ao obxecto de realizar a valoración de méritos da fase de concurso e seguidamente proceder a realizar a fase de oposición no Pavillón Municipal Deportes do Concello, as 10:00 horas, ós/ás aspirantes.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes para que concurran ao Pavillón Municipal de Deportes do Concello, o **día 30 de Xuño de 2020, ás 10:00 horas**, ó obxecto de realizar a proba práctica (fase de oposición) e, no seu caso, a proba oral de coñecemento de galego.

QUINTO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado, aos efectos oportunos.

Documento asinado electrónicamente.